

120 anos de deseño: pasado, presente e futuro

Ángel M. Lázaro Sastre

Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo (Santiago de Compostela)

amls@edu.xunta.es

No debate arredor das escolas de Artes podemos atopar, dende aqueles que pensan que calquera tempo pasado foi mellor, ata os que desexan cambios con vehemencia. Considerar os inicios destes centros, e concretamente da nosa escola, axúdanos a comprender a situación presente e a ser optimistas sobre o seu futuro. Titulo este breve artigo "120 anos de deseño" xa que esta é a idade da escola de Santiago, que naceu unida á mellora do traballo artesán e industrial: o que antes se coñecía como artes aplicadas e que agora chamamos deseño; o que chamabamos oficios e que agora é formación profesional.

En 1886 créase como Escola de Artes e Oficios de Santiago. Era unha escola de "distrito" que se inaugura dous anos despois (1888) co fin de fomentar o ensino profesional de obreiros e artesáns. O plan de estudos dividía as ensinanzas en Orais, Gráficas, Plásticas e Prácticas; estas últimas desenvolvíanse en talleres. Para o ingreso requiríase saber ler e escribir. A matrícula era de balde e as clases impartíanse entre as 6 e as 9,30.

En xullo de 1903 declárase Escola Especial de Artes e Industrias, o que significaba que pasaba a ser unha Escola de Artes "locais" que dividía as ensinanzas en Técnicas e Artísticas. Dende 1904 podía-se obter nela o título oficial de Práctico Industrial. Así ata o curso 1912-1913, no que se reorganizan as Escolas de Artes e Industrias en dous graos: o elemental e o superior. Quedan logo divididas en es-

colas de Artes e Oficios, e escolas Industriais. A de Santiago ficaría como Escola Elemental de Artes e Oficios. Coa ditadura de Primo de Rivera, denomínase de "Artes e Oficios Artísticos" porque as de Artes pertencían ao Ministerio de Instrución Pública, e as de Industrias pasaron ao Ministerio de Traballo.

Ata a nova lei de 1963 pódense ver poucas mudanzas, pero será nesta data cando se modifiquen os estudos e se abandone o concepto de ensino destinado a obreiros e artesáns. A partir de aí establécense cinco anos para os cursos regulares, tres de comúns e dous de especialidade, ademais dos específicos ou talleres de libre elección, tamén chamados "Plan 10". Daquela a escola pasa a denominarse "Escola de Artes aplicadas e Oficios Artísticos". A partir dese momento esixírase para o acceso ter 12 anos cumpridos e estar en posesión do certificado de estudos primarios.

**Para mellorar as
ensinanzas artísticas
habría que
actualizar
constantemente
os contidos, aplicar
sistemas de control
de calidade e
innovación e reforzar
as competencias nun
contexto práctico**

Aínda así, nin con esta reforma, ni coa Lei xeral de educación do ano 70, os títulos e contidos de Artes e Oficios quedan integrados no sistema educativo.

Acontecerá no 1988 cando se aprobe o Plan de estudos expe-

rimentais dos cursos comúns de Artes en Galicia, que pasan de tres a dous anos. As materias organizaranse xa en tres áreas: Artísticas, Técnicas e de Aplicación; os estudos equipáranse coa formación profesional de primeiro grao e os cursos de especialidade, tamén de dous anos, coa de segundo.

Coa LOXSE o noso centro pasa a ser "Escola de Artes Plásticas e Deseño", e as ensinanzas organízanse en ciclos de grao medio e de grao superior, ao tempo que se abre o camiño dende estes estudos á universidade. Por último, nesta recensión histórica e xa entrado o século XXI, no verán do 2005 e tras anos de loita, o noso centro convértese en "Escola de Arte e Superior de Deseño".

Comenzaría así o curso 2005-2006 coa implantación da especialidade de Deseño de Moda, e un ano despois coa de Deseño de Produto.

Na actualidade hai un descenso do número de alumnas e alumnos titulados no período que vai do 2003 ao 2007.

Esta caída pódese atribuír á baixada da natalidade en Galicia e, sobre todo, á demora que se produce nas reformas estatais e autonómica, o que fai que caduquen os currículos antes da súa implantación.

Por isto cómpre acometer unha serie de actuacións urxentes, como a actualización dos contidos para equiparalos ás necesidades reais e aos ritmos da sociedade, ampliar a grao os estudos para integralos de maneira completa no Espazo Educativo Europeo, separar a enseñanza regrada da continua para optimizar os recursos materiais e humanos, aplicar sistemas de control de calidade e innovación no ensino artístico, e reforzar as actividades e as competencias nun contexto máis amplo de prácticas en empresas.

Tampouco se pode esquecer a mobilidade transnacional, que non só

fomenta un espazo europeo para a formación continua, senón que, concretada no sector do deseño, facilita o intercambio de información e experiencias, así como a transferencia inmediata dos resultados aos diferentes axentes socio-económicos participantes. Cremos que non é comprensible un proxecto ou unha escola nos que o ámbito de actuación non sexa o máis aberto posible.

Hai que subliñar tamén o feito de que para os centros de ensinanzas

artísticas son moi importantes as actividades profesionais dos seus docentes, como artistas e deseñadores, pola incidencia didáctica e profesional que teñen sobre os estudantes. De aí que entenda como necesario potenciar estas liñas de actividade, incorporar profesionais, etc.

Na mesma orientación, resulta imprescindible aproximar a educación á industria, tanto dende contornos administrativos como sociais.

Á marxe das imaxes e prexuízos que poidamos ter, hai que apostar por unha renovación constante, coñecer o pasado para afrontar con sabedoría o presente e non lle ter medo ao futuro.

humor

